

SAÍDAS PROFESIONAIS

para graduadas/os en Dereito

A) Profesións liberais ¹

- a) Avogadas/os
- b) Procuradoras/es

B) **Emprego privado** nas áreas xurídica, laboral e de recursos humanos, en seguros, mutuas, cooperativas, banca e entidades de crédito, en consultorías, en ONG e entidades de cooperación ao desenvolvemento etc. ²

- a) Postos de traballo cualificados en empresas ou traballos autónomos para os que resulte necesaria formación xurídica; por ex. xestoras/es administrativos titulados.
- b) Outros postos de traballo para os que non necesita necesariamente, pero si útil ou conveniente a formación xurídica.
- c) Saídas profesionais adicionais para graduadas/os en dereito/ADE
 - I. Postos de responsabilidade en empresas privadas (áreas de internacional, loxística e vendas, produción, recursos humanos, mercadotecnia, trade marketing, administración, contabilidade etc.)
 - II. Auditoría de contas e consultoría
 - III. Finanzas, banca e servizos financeiros
 - IV. Técnico/a en organización de empresas e creación da propia empresa
 - V. Axente de desenvolvemento local

C) Emprego público ³

- a) Na Unión Europea e outros organismos internacionais
- b) No Estado

I. Xuíces, fiscais, letradas/os da Administración de Xustiza, notarias/os, rexistradoras/es da propiedade ou mercantil avogadas/os do Estado, letradas/os do Consello de Estado, letradas/os das Cortes Xerais, letradas/os da Seguridade Social, inspectoras/es de Traballo, inspectoras/es de Facenda, técnico/a superior da Administración etc.

- c) Nas comunidades autónomas

I. Letradas/os de parlamentos autonómicos, servizos xurídicos de gobernos autonómicos, técnico/a superior da Administración etc.

- d) Nas administracións locais

I. Secretarias/os ou interventoras/es da Administración local, letradas/os ou asesoras/es xurídicos, técnico/a superior da Administración etc.

- e) Outros

I. Diplomáticas/os, servizos xurídicos doutros entes públicos (por ex. universidades, corpo xurídico militar etc.), profesoras/es de universidade etc.

¹O acceso a estas profesións supeditase ao cumprimento de determinados requisitos legais como, por exemplo, realizar un mestrado oficial tras o grao ou superar unha proba de habilitación de carácter nacional. ²O método de selección depende da empresa, o máis frecuente é a valoración do currículo e unha entrevista persoal. ³O acceso esixe superar un procedemento de selección competitivo que demostre o mérito e a capacidade de cada aspirante; os procedementos poden ser unha oposición (integrada por unha ou varias probas sucesivas e eliminatorias nas que os/as aspirantes deben demostrar os seus coñecementos e capacidade), concurso (valoración de méritos previamente adquiridos polos/as aspirantes) ou concurso oposición.